

TRICHOLOMA CALIGATUM E CIBORINIA CAMELLIAE, DÚAS ESPECIES INTERESANTES NA PENÍNSULA DO MORRAZO (PONTEVEDRA, ESPAÑA)

por

S. CORRAL¹ et P. LORENZO²

CORRAL, S. et LORENZO, P. 2013. *Tricholoma caligatum* e *Ciborinia camelliae*, dúas especies interesantes na Península do Morrazo (Pontevedra, España). *Mykes* 16: 25-30

RESUMO:

Descríbese macro e microscopicamente os taxons *Tricholoma caligatum* e *Ciborinia camelliae*. *T. caligatum* mencionase por primeira vez para Galicia (N.O. da Península Ibérica).

Palabras clave: *Tricholoma*, *Ciborinia*, *Basidiomycota*, *Ascomycota*, Morrazo, Galicia, Península Ibérica.

CORRAL, S. et LORENZO, P. 2013. *Tricholoma caligatum* e *Ciborinia camelliae*, two interesting species from Morrazo península (Pontevedra, Spain). *Mykes* 16: 25-30.

SUMMARY:

Tricholoma caligatum and *Ciborinia camelliae* are described macroscopically and microscopically. *T. caligatum* is mentioned for the first time for Galicia (NW of the Iberian Peninsula).

Key words: *Tricholoma*, *Ciborinia*, *Basidiomycota*, *Ascomycota*, Morrazo, Galicia, Iberian Peninsula.

INTRODUCIÓN

A Península do Morrazo sitúase no oeste da provincia de Pontevedra (España). Atopámonos nun clima atlántico europeo,

¹ Rúa Castelao, nº17-1º Bueu E-36930-Pontevedra. e-mail: santjons@gmail.com
Membro da Asociación Micológica Naturalista "Liboreiro"

² Avda. de Puxeiros, nº72 3ºH, Tameiga-Mos E-36416-Pontevedra. e-mail: puri.lorenzo@gmail.com
Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire

caracterizado por un réxime térmico suave debido a unha acusada influencia oceánica (CARBALLEIRA *et al.*, 1983). Este clima é característico da rexión occidental de Galicia.

En dous paraxes ben distintos, o complexo dunar da praia de Barra (Cangas) e o xardín dunha vivenda particular (Bueu), recollemos estas dúas especies, que segundo os traballos de SOLIÑO *et al.* (2005), RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et al.* (2011, 2012) e a posterior revisión bibliográfica realizada trátanse de dous taxóns escasamente citados para Galicia. Tan só atopamos outras referencias bibliográficas para *Ciborinia camelliae*, tamén na provincia de Pontevedra (BLANCO-DÍOS, 2006: 58). Por outra parte, debido á importancia económica dos danos que pode ocasionar no cultivo das *Camellias* spp., dende a Estación Fitopatolóxica “Do Areeiro” en Pontevedra, realizáronse distintos estudos de detección e de seguimento fitopatolóxico no noroeste peninsular (MANSILLA *et al.*, 1999, 2002a).

METODOLOXÍA

As descripcións macroscópicas dos taxons foron feitas en base ás anotacións recollidas dos exemplares en fresco, así como das fotografías realizadas. O estudo microscópico fíxose co material previamente deshidratado, e os reactivos utilizados foron: KOH (10%), reactivo de Melzer e Vermello Congo. Para as observacións utilizouse o microscopio Nikon E100 con obxectivos de 40x e 100x e oculares de 10x. As medicións e fotografías das estruturas máis relevantes se fixeron mediante o programa ProgRes® CapturePro 2.7 asociado á cámara dixital Jenoptic CT3.

As *exsiccata* atópanse depositadas no herbario persoal dun dos autores (LOR-Fungi).

DESCRIPCIÓN DOS TAXONS

***Tricholoma caligatum* (Viv.) Ricken, *Blätterpilze*: 331. 1915**

Macroscopía: Píleo de 6-25 cm de diámetro, primeiro convexo, logo hemisférico, coa marxe enrolada ao principio e aplanada ao madurar e

coa zona central fundida. Superficie pileica lisa, non visguenta, logo un pouco veludada, cuberta de escamas, de cor pardo avermellado escuro, máis concentradas no centro, sobre fondo pálido, deixando as marxes brancas.

Himenio formado por láminas adnadas, apertadas, de cor branca puro, con tons crema na madurez, arista enteira concolora.

Estípite 6-15 x 2-3 (4) cm, cilíndrico, atenuado cara a base, cheo, con unha zona anular membranosa formando unha funda, na zona superior presenta un anel característico. Por debaixo do anel presenta unha ornamentación similar á superficie da cutícula, a parte superior do anel é branca.

Trama branca, compacta, inmutable con tons rosados baixo a cutícula. Cheiro complexo, fortemente aromático e moi característico (froitas, perfume con notas de xazmín e canela, xuntamente con compoñentes máis pesados como o pachulí, a espio albar, a veces a cloruro, etc.).



Fig. 1. *Trichomola caligatum*

Sabor amargo.

Microscopía: Basidios claviformes, tetraspóricos, de (25) 30-40 x 5-8 μm , Esporas de (5,0) 6,2-7,0 x (4,0) 4,7-6,0 μm , anchamente elipsoidais, lisas, hialinas, non amiloides e apiculadas. Cutícula formada por hifas paralelas grosas (5-15 μm de diámetro), con terminacións ensanchadas e pigmentadas.



Fig. 2. *Tricholoma caligatum*, detalle anel.



Fig. 3. *Tricholoma caligatum*, esporas.

Material estudado:

Pontevedra (Po), Morrazo, Cangas, Hío, Barra, 29TNG1279, en pinar dunar entre acículas, baixo *Pinus pinaster* e *Pinus pinea*, 5-XII-2011, H.Rodríguez e S.Corral, LOR-Fungi 162; *ibidem*, 14-XII-2012, S.Corral e P.Lorenzo, LOR-Fungi 163; *ibidem*, 28-XI-2013, S.Corral, LOR-Fungi 164.

Observacións:

Especie que non deixa lugar a dúbidas, principalmente polos caracteres macroscópicos: gran porte, cores pardo avermelladas sobre fondo claro e proeminente anel membranoso. Igual de característico é o seu cheiro complexo e aromático, que recorda a especias e notas orientais.

Foi atopado ben entrado o outono, dende finais de novembro a mediados de decembro, en zonas dunares repoboadas con *Pinus pinaster* e *Pinus pinea*.

***Ciborinia camelliae* L.M.Kohn, Mycotaxon 9(2): 399. 1979**

Macroscopía: Apotecios que nacen de esclerocios moi escuros, case negros, poliformes e con restos de tecidos do hóspede. Inicialmente cupuliformes, logo plano, plano-convexo e con forma de disco de 5-20 mm de diámetro de cor castaña, castaño canela. Estipe concoloro de 3-40 mm de lonxitude.

Microscopía: Ascospores cilíndricas de 100-125 x 4,3-5,8 μm, con



Fig. 4. *Ciborinia camelliae*

ascosporas uniseriadas de (5,3) 7,5-12,5 × (2,5) 3,5-6 μm, hialinas, elipsoidais, bigutuladas a multigutuladas e con parafisos filiformes e lixeiramente inflamados na terminación.

Material estudado: Pontevedra (Po), Morrazo, Bueu, 29TNGI 686, en xardín, baixo *Camellia* sp., 6-III-2012, S.Corral. LOR-fungi 165.

Observacións:

Este fungo, na súa fase asexual, produce manchas ferruxinosas nas flores das camelias, tanto en *Camellia japonica*, *C. sasanqua* e *C. Reticulata*

como nos seus híbridos (MANSILLA et al., 2002b), que se extenden e poden chegar a cubrilas completamente, provocando a súa necrose. Na unión dos pétalos e dos sépalos pode chegar




Fig. 5. *Ciborinia camelliae*, ascas e ascosporas

a formarse esclerocios, ó caer a flor ó chan pódense activar e producir ascocarpos no seguinte inverno ou primavera, capaces de xerar millóns de ascosporas que, transportadas polo vento, alcanzarán, infectándoas, outras flores, diseminando a enfermidade. Estos esclerocios pódense manter viables a lo menos perante catro ou cinco anos (RUBIO et MENÉNDEZ, 2013).

AGRADECEMENTOS

A Helena Rodríguez Domínguez pola axuda nas tarefas de recolección, a José Rodríguez Vázquez pola súa paciencia e correccións e a Floro Andrés Rodríguez pola súa inestimable axuda no laboratorio.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO-DIOS, J.B. 2006. Novedades corolóxicas de macromicetos do noroeste da Península Ibérica (II). *Mykes* 9: 57-63.
- CARBALLEIRA, A., DEVESA, C., RETUERTO, R., SANTILLÁN, E. et UCIEDA, F. 1983. *Bioclimatología de Galicia*. Fundación Barrié de la maza. A Coruña.
- MANSILLA VÁZQUEZ, J.P., BARROTE MEIRA, M.C., PINTOS VARELA, C. et SALINERO CORRAL, M.C. 2002a. Situação fitopatolóxica das camélias na região do Entre Douro e Minho de Portugal. *Bol. San. Veg. Plagas* 28: 609-622.
- MANSILLA, J.P., ABELLEIRA, A., PINTOS, C. et SALINERO, M.C. 2002b. *Ciborinia camelliae* Kohn. *Fichas de diagnóstico en laboratorio de organismos nocivos de los vegetales*. I. Ficha 174. MAPA. Madrid.
- MANSILLA, J.P., PINTOS, C. et SALINERO, M.C. 1999. Detección en España de *Ciborinia camelliae* Kohn. *Phytoma España* 109: 24-27.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. 2011. Actualización do catálogo micolóxico galego (*Agaricomycotina*, *Basidiomycota*). *Mykes* 13: 33-136. [2010]
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. 2012. Actualización do catálogo micolóxico galego (*Pezizomycotina*, *Ascomycota*). *Mykes* 14: 13-38. [2011]
- RUBIO DOMÍNGUEZ, E. et MENÉNDEZ VALDERREY, J.L. 2013. “*Ciborinia camelliae* L.M. Kohn”. *Asturnatura.com* [on-line]. Num. 436. 05/08/2013 [Consultado 28-XI-2013]. Disponible en <<http://www.asturnatura.com/especie/ciborinia-camelliae.html>>
- SOLIÑO, A. et CASTRO, M.L. 2005. Coroloxía e fenoloxía dos macromicetos galegos: modelo dun sistema informático de información. *Mykes* 8: 7-22.